ELISEO FERNÁNDEZ GÓMEZ (1 de 1)
ALCALDE
Fecha Firma: 14/03/2018
HASH: da1f15b8168107d99db8f91077bc9a86

BASES III CONCURSO DE ESCRITURA CREATIVA

"O TEU CONTO CONTA"

O Concello do Pereiro de Aguiar, a través da Área de Cultura, Turismo e Mocidade, convoca o "**III CONCURSO DE ESCRITURA CREATIVA *"O TEU CONTO CONTA"***, para celebrar o Día do Libro o próximo 23 de abril, e co obxectivo de fomentar a lectura e escritura creativa entre os máis cativos.

1- Participantes: nenos e nenas de **6** a **14** anos.

2- Modalidade: narrativa e poesía. As obras deberán ser inéditas e orixinais, escritas en galego ou castelán. Temática libre.

3- Extensión: as obras poden ser enviadas en forma impresa ou dixital. O arquivo deberá ter o seguinte formato: arquivo PDF, folla tamaño A4, letra Times New Roman, tamaño 12, interlineal de dobre espazo. O nome do arquivo será o título da obra e o seudónimo adoptado polo autor. A extensión mínima é de 2 follas e máxima de 10. Quedarán fóra de concurso os que non cumpran este requisito. Poderán presentar un máximo de dúas obras.

4- Identificación: cada un dos traballos deberá estar identificado cun seudónimo, en nun sobre pechado identificado co seudónimo os datos persoais do autor/a e teléfono de contacto.

5- Entrega e prazo de recepción: na Biblioteca Municipal do Pereiro de Aguiar ou no enderezo electrónico cultura@concellopereiro.com, antes do 17 de abril.

6- Fallo do xurado: O xurado estará formado por unha Pedagoga, un técnico de cultura e a Concelleira de Cultura, Turismo e Mocidade, que elixirán tres obras. Serán valoradas a creatividade, orixinalidade, transmisión de valores; culturais, respecto, tolerancia, igualdade, entre outros. O xurado emitirá o fallo o día 20 de abril de 2018, e o premiado será avisado vía telefónica e publicado na web do Concello.

7- Premios:

1º premio .-Lote de libros

2º premio.- Material escolar

3º premio.- Libro+estoxo pinturas

8- Recepción das obras: ata as 19:00h do día 17 de abril de 2018.

9- Acto de entrega dos premios: 23 de abril ás 17:00h., na Biblioteca Municipal.

10- Devolución das obras: tras o fallo do xurado poden ser retiradas. Transcorrido o prazo dun mes dende o fallo do xurado, sen que foran recollidas, serán destruídas.

11- O feito de participar neste concurso, supón a plena aceptación das bases. Máis información na Biblioteca Municipal, no teléfono 988 25 98 39 ou a través do enderezo electrónico cultura@concellopereiro.com

ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE